# ARQA

# Sistema de xestión documental para arquivos físicos de Galicia

**Consello de Arquivos de Galicia**

**Cidade da Cultura, Santiago de Compostela**

**27 de xaneiro de 2020**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

galicia

Xacobeo 2021

# Contexto














# Contexto

- **¿Qué se espera da xestión da documentación existente en Galicia?**



# QUÉ É ARQA?

É un sistema de xestión documental par o ámbito arquivístico que está a por en marcha a Consellería de Cultura e Turismo e que permite a súa utilización polos diferentes arquivos integrados no Sistema de Arquivos de Galicia, tanto os integrados no Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia, como os arquivos dependentes doutras administracións, fundamentalmente da administración local, ou tamén arquivos de institucións de carácter privado.

ARQA é unha aplicación web. A información está centralizada nun servidor da Xunta de Galicia.

Trátase dun sistema deseñado pola Consellería de Cultura e Turismo en colaboración coa Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA).

## FUNCIONALIDADES DE ARQA

- A xestión do cadro de clasificación documental.

- A xestión das descricións seguindo as normas internacionais de descrición arquivística.

- O control de xestión de ingresos e saídas de documentos.

- Xestión do control dos diferentes servizos prestados polos arquivos (consultas, préstamos, expurgo...).

# POR QUE SE CREA ARQA

- ARQA nace pola necesidade de substituír a ferramenta que existía ata o de agora: XARAL.

- Como aplicación de xestión, e debido ao avance das novas tecnoloxías, XARAL quedouse obsoleta.

# PROBLEMAS DE XARAL

Por enumerar algúns dos problemas que se asocian a esta ferramenta na actualidade, podemos sinalar os seguintes:

- Ten problemas de compatibilidade cos novos sistemas operativos e tamén presenta problemas de compatibilidade co software libre.
- Non permite a posibilidade de traballo en rede nin a actualización inmediata.
- As buscas son sinxelas pero moi limitadas: na consulta directa o enunciado ten que ser exacto.
- Non permite buscas en varios arquivos.
- Non permite a visibilidade da información a través webs dos arquivos.
- Aínda que nos últimos anos se estiveron a introducir certas melloras, a día de hoxe non é unha aplicación que poida dar resposta a todas as necesidades de xestión que se precisan dende os arquivos do Sistema. O programa foise actualizando e mellorando con diferentes versións, pero isto non implica actualizar todas as bases de datos, polo que a estrutura da información e moi heteroxénea en todas elas.
- Non permite a actualización das bases de datos no caso de renovación dos PCs dos Arquivos: a aplicación instálase a través dun cd con programa específico para cada arquivo municipal. A maioría dos ordenadores actuais non teñen entrada para cds.
- Coa renovación dos equipos pódese recuperar unha copia da base de datos do ordenador vello, pero ao non poder instalar a aplicación no novo, pérdese moita información gardada nas táboas da base de datos.
- Por outra banda, estamos a falar dunha ferramenta que se vai quedar sen mantemento.

# ARQUIVOS MUNICIPAIS

# EVOLUCIÓN DA XESTIÓN DOCUMENTAL ATA A ACTUALIDADE

# Dende as fichas en papel ás bases de datos

- Dende o ano 1988 ata o ano 2000 os inventarios realizáronse en papel (fichas de cartón)
- No ano 2000 comeza a informatización coa creación de bases de datos
- Deseño sinxelo e fácil de manexar pensado para a recollida de información dos bolseiros nas campañas de organización
- Constan dunha cabeceira cos datos do arquivo e unha táboa cos campos descritivos para os fondos documentais
- Permitían a elaboración de informes e inventarios

# Xaral
# Programa de xestión para arquivos da Administración local

- Implántase a partir do ano 2003, logo da posta en marcha pola Consellería de Cultura, sen repercusión económica para os concellos
- Pensado para arquivos municipais pequenos, que non están dotados de persoal técnico arquiveiro
- Fixéronse varias actualizacións e melloras que deron lugar a varias versións
- Actualmente hai 205 inventarios na aplicación Xaral

**SITUACIÓN ACTUAL:¿Con qué nos atopamos a día de hoxe para a xestión da documentación?**

- Arquivos con inventarios en fichas de cartón e en papel e que polo tanto non dispoñen de ningún sistema de xestión documental
- Arquivos con inventarios en bases de datos
- Arquivos que teñen ás súas propias ferramentas de xestión
- Arquivos que están a empregar o XARAL en diferentes versións e coa información máis ou menos actualizada e normalizada

# ALTERNATIVA

**ARQA**

Sistema de información para a xestión dos arquivos físicos de Galicia

- ✓ Sistema que **evoluciona, aberto a suxestións  de mellora**
- ✓ **Información** de todos os Arquivos Municipais **centralizada**
- ✓ **Seguridade** de que non existirá perda de información
- ✓ Información **normalizada**

# PROCESO DE IMPLANTACIÓN DE ARQA NOS ARQUIVOS MUNICIPAIS

# IMPLANTACIÓN DE ARQA NOS ARQUIVOS MUNICIPAIS

En función da situación de cada concello existen dúas posibilidades:

- Implantación de ARQA nos arquivos que non teñen instalado o Xaral

- Implantación de ARQA e migración das bases de datos do Xaral á nova aplicación

# PROCESO DE IMPLANTACIÓN

- Solicitar dende o concello
- Asinar a adhesión ao correspondente convenio de colaboración
- Tramitar a alta de usuarios segundo os perfís de acceso:

1. O administrador local da aplicación será o **arquiveiro**. No caso de non haber praza de arquiveiro darase de alta como administrador o **secretario** do concello. O administrador é o responsable da xestión do arquivo. Ten acceso total aos niveis de descrición.

2. Xestores de contido local ou mecanizadores de datos: introdución de datos dos niveis físicos. Pode ver a información dos niveis superiores pero non pode modificar nada.

# Acceso ao sistema

- **¿Qué se precisa para ter acceso a ARQA?**
  - Un **ordenador** con acceso á **rede Xunta**
  - O **usuario** debe estar dado de alta no **directorio da Xunta**




  - O **usuario** debe estar dado de **alta en ARQA**
  - O **Arquivo Municipal** debe estar **implantado**

# Acceso ao sistema

- **¿Cómo acceder a ARQA?**
  - É unha **aplicación web**. Accédese a **través do navegador** cun enlace




  - Pódense empregar os seguintes **navegadores**

Google Chrome

Mozilla Firefox

Microsoft Edge

# Migración de XARAL

- **Procedemento a seguir para a implantación de ARQA**



# Situación actual da implantación de ARQA

- Implantado ARQA
  - Mañón: arquivo piloto
- En estado de migración
  - Melide
  - Ribadeo
  - O Barco de Valdeorras
  - Pontedeume
- En proceso de normalización das bases de datos:
  - Muros
  - Monterroso
  - Ourol

# Planificación das migracións

**Realizarase en varias fases:**

- 1ª fase: arquivos municipais que contan con arquiveiro e remitan as bases de datos actualizadas e codificadas
- 2ª fase: arquivos municipais que se queiran adherir ao convenio e remitan copia das bases de datos actualizadas
- 3ª fase: migraranse as copias das bases de datos das que dispón a Subdirección xeral de Arquivos sen actualizar ou o cadro de clasificación coas datas extremas

# DÚBIDAS E ACLARACIÓNS

Centro de Atención ao Usuario: cau-periferico@xunta.gal

Cuestións técnicas: Servizo do Sistema de Arquivos:
servizodearquivos.cultura@xunta.gal

*O patrimonio documental do mundo ten unha importancia global e é responsabilidade de todos, e debería ser plenamente preservado e protexido para todos, tendo debidamente en conta e recoñecendo os hábitos e prácticas culturais. Debería ser accesible para todos e reutilizable de maneira permanente e sen obstáculos. É un medio para entender a historia social, política e colectiva, así como persoal, e pode contribuír a constituír a base da boa gobernanza e o desenvolvemento sostible.*

***Recomendación da UNESCO, do 17 de novembro de 2015, relativa á preservación do patrimonio documental, comprendido o patrimonio dixital, e o acceso ao mesmo.***

***MOITAS GRAZAS***